



Guía Docente				
Datos Identificativos				2020/21
Asignatura (*)	Voleibol e a súa didáctica	Código	620G01008	
Titulación	Grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Primeiro	Obrigatoria	6
Idioma	CastelánGalegoInglés			
Modalidade docente	Híbrida			
Prerrequisitos				
Departamento	Educación Física e Deportiva			
Coordinación	Arias Rodríguez, Pablo	Correo electrónico	pablo.arias.rodriguez@udc.es	
Profesorado	Arias Rodríguez, Pablo Gambau i Pinasa, Vicente Márquez Sánchez, Gonzalo José Tuimil Lopez, Jose Luis	Correo electrónico	pablo.arias.rodriguez@udc.es vicente.gambau@udc.es gonzalo.marquez@udc.es jose.luis.tuimil@udc.es	
Web	campusvirtual.udc.es/moodle/			
Descrición xeral	Coñecemento das habilidades deportivas sociomotrices do voleibol como compoñentes procedimentais na educación física e iniciación deportiva e nas didácticas derivadas da súa especialidade. Coñecemento do elementos técnico-tácticos que o estruturan como deporte.			



<p>Plan de continxencia</p>	<p>1. Modificacións nos contidos Os contidos non serán modificados.</p> <p>2. Metodoloxías *Metodoloxías docentes que se manteñen As seguintes actividades manteranse, segundo a descrición na guía docente, se ben serán levadas a cabo a través das ferramentas telemáticas posta ao noso dispor pola UDC: ? Actividades iniciais ? Portafolios das/dos estudantes (computa na avaliación) ? Recensión bibliográfica (computa na avaliación) ? Traballos tutelados (computa na avaliación) ? Sesión maxistral ? Aprendizaxe colaborativa</p> <p>*Metodoloxías docentes que se modifican ? Elimínase a práctica de actividade física, sen ser substituída. ? Modifícase a proba mixta: dende a suspensión da docencia presencial non se continuará a facer a proba de dominio técnico-táctico básico, pero computarase o feito ata o momento da suspensión, se houbo un mínimo de 4 sesións.</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado ? Correo electrónico: Diariamente. De uso para facer consultas, solicitar encontros virtuais para resolver dúbidas e facer o seguimento dos traballos tutelados. ? Moodle: Diariamente. Segundo a necesidade do alumando. ? Teams: 2 sesións semanais por grupo para o avance dos contidos teóricos na franxa horaria que ten asignada a materia no calendario de aulas da facultade. Sesións a demanda do alumnado (en pequeno grupo), para o seguimento e apoio na realización dos ?traballos tutelados?. Esta dinámica permite facer un seguimento normalizado e axustado as necesidades da aprendizaxe do alumando para desenvolver o traballo da materia. Sesións individuais para titorías individuais.</p> <p>4. Modificacións na avaliación ? A proba mixta (preguntas e deseño de sesión) computará o 30% da nota final do estudante, e será lavada a cabo mediante Moodle, habilitándose un só intento por estudante a ser levado a cabo o día do exame, segundo o calendario aprobado en Xunta de Facultade. ? O traballo tutelado computará o 30% da nota final do estudante ? O portafolios computará o 40% da nota final do estudante. Tanto no suposto de que unha/un estudante acadase Apto na derradeira proba de dominio técnico-táctico do curso (de terse levado a cabo alo menos unha - ver apartado de proba Mixta en Metodoloxías) ou no caso de non terse realizado ningunha, considerarase aprobada a materia con acadar 5 puntos sobre 10 na suma das actividades de avaliación de Traballo tutelado, exame, e portafolios.</p> <p>*Observacións de avaliación: Se unha/un estudante non supera a materia por non ter acadado o aprobado (da primeira oportunidade), poderá na segunda oportunidade presentar cantas metodoloxías non tiveran acadado o 50% da súa puntuación máxima, da primeira oportunidade. Se unha/un estudante non acada o apto na proba de dominio técnico-táctico na primeira oportunidade, terá que facela na segunda oportunidade (as súas características adaptaranse á situacións de posible confinamento). Se unha/un estudante non supera a materia, nin na primeira nin na segunda oportunidade, ningunha das metodoloxías superadas serán gardadas para o vindeiro ano académico.</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía</p>
-----------------------------	---



Nin a bibliografía nin a webgrafía serán modificados.



Competencias do título

Código	Competencias do título
A5	Fomentar a convivencia, estimulando e poñendo en valor a capacidade de constancia, esforzo e disciplina dos participantes nas actividades de educación física e deportiva.
A25	Identificar e comprender os requisitos psicomotores e sociomotores das habilidades deportivas, executando basicamente as habilidades motrices específicas dun conxunto de deportes, considerando as diferenzas por xénero.
A26	Identificar e aplicar as peculiaridades didácticas de cada especialidade deportiva na intención pedagóxica dos diferentes ámbitos de intervención.
B2	Resolver problemas de forma eficaz e eficiente no ámbito das ciencias da actividade física e do deporte.
B4	Trabajar de forma colaboradora, desenvolvendo habilidades, de liderado, relación interpersoal e traballo en equipo.
B11	Desenvolver competencias para a adaptación a novas situacións e resolución de problemas, e para a aprendizaxe autónoma.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.

Resultados da aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias do título		
Coñecer o regulamento básico do voleibol	A25		
	A26		
Coñecer e saber executar os fundamentos técnicos básicos do voleibol	A25		
	A26		
Coñecer e saber aplicar os fundamentos tácticos básicos do voleibol	A25		
	A26		
Saber plantexar artellar tarefas e progresións de aprendizaxe para ensinar o deporte do voleibol nos nenos	A5		
	A25		
	A26		
Aprender a realizar traballo en equipo, establecendo relacións de cooperación para resolver problemas e situacións relacionadas coa ensinanza e aprendizaxe do voleibol		B2	C7
		B4	
		B11	

Contidos

Temas	Subtemas
1. Introducción e Iniciación ao voleibol	1.1. Características e ámbitos do voleibol 1.2. Proceso de ensinanza-aprendizaxe en voleibol 1.3. Xeralidades na iniciación
2. Fundamentos Técnico Tácticos Básicos e Avanzados	2.1. Posicións Fundamentais e Desprazamentos 2.2. Pase de dedos 2.3. Pase de antebrazos 2.4. Saque de Seguridade 2.5. Pases de dedos especiais. Pase Colocación 2.6. Saque Tennis 2.7. Saque Flotante 2.8. Saque en Suspensión 2.8. Elementos de Ataque 2.9. Bloqueo Individual e Colectivo 2.10. Elementos de Defensa de Campo
3. Táctica e Técnica individual	3.1. Táctica e Técnica ofensiva 3.2. Táctica e Técnica defensiva



4. Táctica Colectiva	4.1. Introducción á Táctica Colectiva Básica 4.2. Dispositivos de Recepción 4.3. Dispositivos de Ataque 4.4. Dispositivos de Apoio 4.5. Dispositivos de Defensa
5. Regras do Xogo e Arbitraxe	5.1. Estudo del Regulamento

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	A25 C7	3	0	3
Práctica de actividade física	A5 A25 A26	22	17	39
Portafolios do alumno	A25 A26	0	25	25
Recensión bibliográfica	A25 A26	1	3	4
Proba mixta	A25 A26	3	12	15
Traballos tutelados	A5 A25 A26 B4	2	10	12
Sesión maxistral	A25 A26	10	10	20
Aprendizaxe colaborativa	A5 A25 A26 B2 B4 B11	12	17	29
Atención personalizada		3	0	3

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais	Presentación polo profesor da guía docente da materia
Práctica de actividade física	Práctica por parte das/dos estudantes das tarefas motoras propostas polo profesor en relación cos contidos de aprendizaxe
Portafolios do alumno	O/a estudante deberá recompilar, ordenar, desenrolar e completar as descripciones descrições técnicas e tarefas de aprendizaxe dos xestos técnicos vistos na clase
Recensión bibliográfica	O/a estudante poderá realizar unha recensión bibliográfica dos libros, revistas técnicas e artigos que teñan relación cos temas traballados en clase
Proba mixta	Proba composta por unha distinta proporción de: <ul style="list-style-type: none"> -Preguntas tipo test -Preguntas de resposta breve -Deseño de sesión práctica -Proba de dominio técnico-táctico básico: cada 4 sesións, as/os estudantes realizarán unha proba de dominio técnico-táctico en base a un partido 6x6 a 25 puntos. En dita proba, o profesor avaliará (como apto/non apto) o rendemento (saber facer) de cada estudante nos contidos impartidos ata dito momento. De tal modo, a nota da última das sesións avaliadas será a que determinará se a/o estudante é apto ou non apto na proba de dominio técnico-táctico, independentemente de se se fan todas as sesións do cuadrimestre, ou de se a docencia presencial é suspendida ao longo do mesmo.
Traballos tutelados	Os/as estudantes elaborarán un traballo de desenrolodesenrolo dunha sesión orientada á sesións con alumnos de secundaria.
Sesión maxistral	Explicación dos aspectos técnico-tácticos e regulamentarios. As sesións organizaranse tanto de maneira presencial como a través da plataforma Teams, sendo decisión do profesor a opción utilizada. No caso de ser presencial, a súa organización respectará as recomendacións sanitarias e normativas legais vixentes no momento da realización da mesma.
Aprendizaxe colaborativa	Os/as estudantes organizarán tuteladamenete, e en pequeno grupo, unha sesión orientada a alumnos/as de secundaria na que asumirán o rol de profesor/a de Educación Física impartindo unha Unidade Didáctica de voleibol.



Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Práctica de actividade física	- Asistencia a titoría individuais
Portafolios do alumno	- A/o estudante deberá recopilar/recopilar, ordear, desenrolar e completar as descripciones/descrições técnicas e tareastarefas de aprendizaxe dos xestos técnicos vistos na clase
Traballos tutelados	- Os/as estudantes organizarán tuteladamentete, e en pequeno grupo, unha sesión orientada a alumnos/as de secundaria na que asumirán o rol de profeso de voleibol - No caso de estudantes con matrícula parcial, estudarase o caso particular de cada estudante. - As titorías para este fin (e tamén as titorías individuais) levaranse a cabo mediante Teams e, a criterio do profesor e sen vulnerar as normativas sanitarias de aplicación, tamén poderían ser presenciais.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación
Portafolios do alumno	A25 A26	O/a estudante deberá recompilar, ordearordenar, desenrolar e completar as descripciones/descrições técnicas e tarefas de aprendizaxe das habilidades técnico-tácticas os xestos técnicos vistaos na clase	10
Recensión bilbiográfica	A25 A26	O/a estudante poderá realizar unha recensión bibliográfica dos libros, revistas técnicas e artigos que teñan relación cos temas traballados en clase	5
Proba mixta	A25 A26	-Preguntas de resposta breve - Deseño de sesión práctica - Proba de dominio técnico-táctico básico (apto/non apto). O estudante terá que acadar o apto na proba de dominio técnico-táctico para superar a materia.	75
Traballos tutelados	A5 A25 A26 B4	Os/as estudantes organizarán tuteladamente, e en pequeno grupo, unha sesión orientada a alumnos de secundaria na que asumirán o rol de profeso de voleibol	10

Observacións avaliación

<p>Para aprobar a materia será necesario asistir como mínimo ao 70% das sesións interactívase obter o aprobado na proba mixta, tanto no exame teórico como na proba dedominio técnico/táctico. Gardaranse as partes aprobadas para próximasconvocatorias. No caso de estudantes lesionados ou en corentena e que contencion parte de baixa (diagnóstico médico) o profesor poderá considerar apto na proba de dominio técnico-táctico a partir do desempeño mostrado polo/a estudante ao longo do curso. Na segunda oportunidade os criterios de avaliación serán osmesmos que na primeira e gardaranse os aprobados da primeira oportunidade nasdiferentes metodoloxías. Os criterios de avaliación nas seguintes convocatoriasserán os mesmos, gardándose as partes aprobadas en convocatorias anteriores. Oexame teórico será realizado en castelán, no caso de que algún alumno desexe oenunciado en galego deberá solicitalo ao profesor cun mes de antelación á datado exame. Os/as estudantes con matrícula a tempo parcial terán que asistir comomínimo ao 50% das sesións para poder superar a materia. Os estudantes que nonalcancen a porcentaxe mínima de presencialidade nas prácticas, non poderánaprobar a materia. Non están contempladas outras alternativas de avaliaciónpara a segunda oportunidade.</p>

Fontes de información



Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none"> - Asociación Entrenadores Americanos (1996). Guía de voleivol de la AEA. Barcelona: Paidotribo - Autores varios. (1994). Voley playa, aprendizaje, entrenamiento y competición. Madrid: Alianza Deporte - Baacke, H. (1975). L'ABC della Pallavolo. Roma: Società Stampa Sportiva - Bachmann, M. (1987). 1000 Ejercicios: el juego de volley-ball. Paris: Vigot - Bechorini, A. (1987). Elementi di minivollei. Roma: Società Stampa Sportiva - Bonnefoy, G. (2000). Enseñar voleibol para jugar en equipo. Barcelona: Inde - Cassagnol, R. (1978). Las cinco etapas del voleibol. Buenos Aires: Editorial Kapelusz - Chêne, E. (1990). Voleibol: De la escuela a las asociaciones deportivas. Lérida: Deportiva Agonos - COE (1992). Voleibol. Madrid: COE - Díaz, J. (1984). Voleibol en la escuela. Madrid: Editorial Gymnos - Drauchke, K. (1994). El entrenador de voleibol. Barcelona: Paidotribo - Duerrwaechter, G. (1983). Iniciación al voleibol: Aprender jugando, practicar jugando. Buenos Aires: Editorial Stadium - Fronhner, B. (1996). Volei: Juego para el entrenamiento. Buenos Aires: Editorial Stadium - Gotsch, W. (1983). Minivoleibo.. Buenos Aires: Editorial Stadium - Grupo Estudio Kinesis (2002). Voleibol básico. Colombia: Editorial Kinesis - Kenny, B. (2008). Voleibol: claves para dominar los fundamentos y las destrezas técnicas. Madrid: Tutor - Lucas, J. (1991). El voleibol: Iniciación y perfeccionamiento. Barcelona: Paidotribo - Marsenach, J. (1981). Voleibol: El niño y la actividad física. Madrid: Editorial Gymnos - Monge, M., A. (1997). Voleibol. Santiago de Compostela: Editorial Lea - Moras, G. (2000). La preparación integral del Voleibol. (Vol. I, II, y III). Barcelona: Paidotribo - Palao, J., M. (2007). Manual para la iniciación al voleibol. Murcia: Diego Marín Librero - Pimenov, M., P. (1997). Voleibol: aprender y progresar. Barcelona: Paidotribo - Ramón, A. (1997). Análisis de los gestos técnicos de la acción de juego en voleibol. Madrid: Editorial Gymnos - Santos, J. (1996). Voleibol. Madrid: Ministerio de Educación y Ciencia - Vargas, R. (1991). Voleibol: 1001 ejercicios y juegos. Madrid: Augusto Pila Teleña - Wise, M. (2003). Voleibol: entrenamiento de la técnica y la táctica. Barcelona: Hispano Europea - Zhelezniak, Y., D. (1993). Voleibol: teoría y método de la preparación. Barcelona: Paidotribo
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomienda ter cursado previamente

Materias que se recomienda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

Ao tratarse de estudantes de primeiro curso non se é de aplicación a recomendación de cursar previamente ningunha materia concreta. Cara mellorar o proceso docente, recomendase aos/ás estudantes levar a cabo as enquisas ?AVALÍA? propostas desde os servizos centrais da UDC? Coa finalidade de mellorar o sistema de garantía interna de calidade do noso centro, sería convinte que o alumnado atendese á solicitude realizada pola UDC, con periodicidade cuatrimestral, respecto a participar no proceso de avaliación das materias cursadas? e cuxa chamada realiza baixo o nome de ?AVALÍA? consistindo en responder as enquisas que avalían a docencia do profesorado en cada materia.

(*) A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente de acordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías

